



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS AO FOMENTO DA EMPREGABILIDADE E AO EMPRENDIMENTO NO RURAL

O martes día 27 de abril de 2021 saíu publicada no B.O.P. unha nova convocatoria das axudas ao autoemprego, ao emprendemento colectivo e á contratación por conta allea a empresas. As bases que regulan as axudas son publicadas no B.O.P. de 30 de xuño de 2020.

FINALIDADE E BENEFICIARIOS

1- Fomento da empregabilidade: a través desta medida preténdese contribuír á mellora da empregabilidade de mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas afincados nos concellos relacionados no Anexo I das bases, para a contratación por conta allea, dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

2- Fomento da cultura emprendedora: a través desta medida preténdese aumentar o emprendemento das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación como vía de acceso ao mercado laboral a través de axudas económicas para a alta da actividade económica como autónomo (individual ou como persoa xurídica) ou como socio traballador en empresas de economía social (cooperativas, sociedades laborais,...) que se atopen situadas nalgún dos concellos relacionados no Anexo I das bases.

CONTÍAS

1- Fomento da empregabilidade: 50% do SMI vixente (950 €/mes) durante un máximo de 12 meses para a contratación indefinida dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil, sendo requisito que a modalidade de contratación sexa indefinida e a alta do traballador se mantéña mínimo 6 meses.

2- Fomento da cultura emprendedora: 75% do SMI vixente (950 €/mes) ata un máximo de 12 meses, sendo requisito permanecer de alta na actividade a lo menos 6 meses.

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo de presentación de solicitudes abrangue dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria do programa no BOP e **ata o día 30 de setembro de 2021.**

Para calquera información contactar co Técnico de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición os xoves e os venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 28 de abril de 2021.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

